



CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

Programación DIDÁCTICA CLARINETE

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de
Música Rúa Andrés Pan
Vieiro, nº 30 15670 O
BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798

e-mail: conservatorio@culleredo.es
www.culleredo.es

INDICE

1. INTRODUCCIÓN COVID 19.
2. INTRODUCCIÓN: FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA.
3. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL
4. CONTIDOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL
5. METODOLOXÍA DO GRAO ELEMENTAL
6. PRIMEIRO CURSO DO GRAO ELEMENTAL
7. SEGUNDO CURSO DO GRAO ELEMENTAL
8. TERCEIRO CURSO DO GRAO ELEMENTAL.
9. CUARTO CURSO DO GRAO ELEMENTAL.
10. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL.
11. CONTIDOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL
12. METODOLOXÍA DO GRAO PROFESIONAL
13. PRIMEIRO CURSO DO GRAO PROFESIONAL
14. SEGUNDO CURSO DO GRAO PROFESIONAL
15. TERCEIRO CURSO DO GRAO PROFESIONAL
16. CUARTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL
17. QUINTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL
18. SEXTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL
19. PROCEDIMENTOS DE ACCESO Ó CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.
20. A CLASE COLECTIVA
21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
22. PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ACTIVIDADES CULTURAIAS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS
23. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
24. PROBAS DE ACCESO AOS DISTINTOS CURSOS.
25. PREMIOS FIN DO GRAO PROFESIONAL.

1. INTRODUCCIÓN COVID 19

Para este curso 2020-2021 esta Programación contemplará o disposto nas INSTRUCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, que establecen medidas específicas excepcionais derivadas da situación de crise sanitaria producida polo virus COVID-19. Atendendo o disposto no punto 1 das Instrucións citadas anteriormente durante a primeira semana do curso escolar levarase a cabo unha avaliación inicial. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.

b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

De igual xeito, no punto 4 establécense os seguintes criterios para a elaboración das Programacións Didácticas:

4.1 Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

Debemos facer mención a que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Clarinete cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva xa que se impartiron todos os aprendizaxes imprescindibles.

4.2 Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

De igual xeito que no punto anterior os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Clarinete, cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva da Avaliación inicial sen detectar carencias no alumnado.

4.3 Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar.

Non é necesario facer unha incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do presente curso escolar xa que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Clarinete cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20 por parte do alumnado.

4.4 Constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.

En relación con este apartado debemos facer mención a dous escenarios. Unha situación de semi-presencialidade na que se combinen a normalidade adaptada e a non presencialidade e un escenario no que a actividade lectiva se leve a cabo dun xeito non presencial.

Obxectivos: esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Obxectivos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

Contidos: esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Contidos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

Enfoque metodolóxico: esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Enfoques metodolóxicos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

Recursos didácticos: en relación con esta apartado facer mención a que para acadar os Obxectivos, implementar os Contidos e poñer en funcionamento os Procesos metodolóxicos, se recorrerán agora dun xeito moi relevante á utilización das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación substituindo estas parte dos recursos empregados na docencia presencial.

Poderán ser utilizados, si é o caso de forma profusa a dixitalización de partituras para a súa remisión ao alumnado, gravacións de audio e a comunicación co alumnado por medio da

utilización das aplicacións de mensaxería instantánea ou vídeo chamadas a través de distintos dispositivos ademais do correo electrónico.

De especial relevancia terán as comunicacións levadas a cabo a través de vídeo conferencia xa que estas substitúen á clase presencial. De igual xeito a remisión de arquivos con contidos musicais en forma de gravacións efectuadas polo propio alumnado. Isto permite implementar un procedemento que suple a ausencia de presencialidade entre intérpretes.

Criterios de avaliación e mínimos exixibles: esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos criterios de avaliación xerais da Materia que figuran na súa Programación didáctica nin dos mínimos exixibles.

Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe: en canto aos Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, manteranse os principios básicos contemplados na Programación didáctica da materia, pero no caso de ter que implementar esta modalidade non presencial, veranse modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións o análise preciso da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro: no caso de que a presencialidade non sexa posible, o alumnado interpretará preferiblemente por medio de vídeo conferencia, un programa de obras e estudos indicado polo titor.

O titor será quen actúe como tribunal examinador.

Para levalo a cabo, poderase partir de referencias, indicacións e explicacións do docente que sexan pertinentes en cada caso.

Moi importante será indicar, que ningún dos apartados expostos anteriormente sufrirá cambios significativos, sempre e cando se poida dispoñer dos recursos materiais e dixitais necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Por outra banda, prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tal e como se viña realizando, e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

4.5 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións.

Como xa se expresou anteriormente en relación cos Obxectivos, nesta modalidade non suporá cambios significativos, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC

En canto á modalidade presencial, levarase a cabo adaptada ás circunstancias de seguridade ditadas polas autoridades sanitarias e educativas e sen cambios significativos en canto a Obxectivos, Contidos e Avaliación con respecto a un curso convencional.

Terase en conta o establecido nas INSTRUCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, as INSTRUCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, normativa que vese concretada no PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 PARA O CURSO 20/21 no CMUS Profesional de música de Culleredo, que se elabora seguindo as instrucións da Conselleira de Educación, e que se complementa coa Guía curso 2020-21 Conservatorio Profesional de Música de Culleredo elaborada polo propio Centro

2. INTRODUCCIÓN.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionalle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Asemade enmarcamonos na seguinte documentación legal:

Real Decreto 303/2010, sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Decreto 223/2010, que establece o Regulamento Orgánico dos Conservatorios elementais e profesionais de música e danza en Galicia (R.O.C.)

Orde do 04-08-11 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que desenvolve o Decreto 223/2010, que establece o R.O.C.

Grao Elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo.

O grao profesional ten como finalidade proporcionale ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordéanse en catro funcións básicas: formativa, orientadora, personalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL.

(DOG 198/2007 do 27 de Setembro) A ensinanza de clarinete no Grao Elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre as dúas mans.
- Controla-lo aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do sonido.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do sonido.
- Coñece-las características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un sonido estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a utilizar o vibrato e os diferentes matices para dar color e expresión á interpretación musical.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

4. CONTIDOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL.

- Práctica da relaxación e a respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento (notas largas controlando a afinación, calidade do sonido e dosificación do aire).

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade sonora.
- Práctica de escalas e intervalos (terceiras e cuartas) controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Emisión do sonido en relación coas diversas dinámicas e alturas.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras e pezas sinxelas.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis –motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc- para chegar a través do análise musical a un interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras de repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

Nota – En cada curso deberanse traballar os contidos específicos sinalados pero tamén deberanse perfeccionar os contidos de tódolos cursos anteriores para superar os obxectivos dunha ensinanza eficaz baseada na reestructuración dos coñecementos aprendidos e integración de novos coñecementos.

5. METODOLOXÍA NO GRAO ELEMENTAL.

Os principios básicos sobre os que se asenta a ensinanza musical son os seguintes:

- Tomarase sempre como punto de partida o nivel de desenvolvemento do alumno de clarinete, preténdese desta maneira que os novos coñecementos sexan unha prolongación ou continuación dos xa adquiridos anteriormente, facilitando, de este xeito, a súa asimilación e comprensión.
- O aprendizaxe do alumno de clarinete debe ser significativo e funcional, é dicir, os novos coñecementos deben relacionarse de maneira significativa co que o alumno xa sabe, transformando a estrutura previa e facéndoa duradeira.
- A funcionalidade do aprendizaxe é un dos factores que máis favorecen a motivación do alumnado.
- Xerar e fomentar no alumno de clarinete a capacidade de aprender por si mesmos debe ser unha prioridade para o profesor.
- Favorecer a motivación do alumnado, estimulando o reto pola autosuperación orientada sempre ao logro dun fin musical antes que a un fin superficial (premios, prestixio, éxitos). Desenvolver o pracer da propia escoita durante a interpretación. Tocar diante do alumno, ofrecendo reforzos positivos e negativos en función de cada situación. As explicacións verbais deben transmitir con claridade o que queremos obter. Fomentaremos tamén a participación dos alumnos nas clases colectivas.
- O aprendizaxe significativo supón unha modificación e reestructuración dos coñecementos previos o adquirir nova información.
- Debe haber unha intensa actividade por parte do alumno. A función do profesor debe ser orientadora evitando ensinar o que o alumno poda aprender por si mesmo.
- A atención á diversidade debe estar incorporada á práctica e planificación docente para dar respostas ás necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- As clases deben ter un carácter integrador. Debemos interrelacionar a clase individual de clarinete coas demais asignaturas do currículo: linguaxe musical, piano complementario, harmonía, orquestra...
- As estratexias metodolóxicas son un conxunto de ferramentas coas que desenvolvemos as accións pedagóxicas e de coordinación do ensino aprendizaxe na clase. Son as claves que dan lugar á metodoloxía propia e persoal, que no son definitivas e son flexibles, tendo en conta cada caso particular, as estratexias están en continua relación cos propios principios pedagóxicos e forman parte dun proxecto educativo personalizado e baseado na propia experiencia.

- Dentro das consideracións metodolóxicas para o traballo do instrumento musical na etapa de grao elemental o máis apropiado e o tipo de aprendizaxe por descubrimento, producido por mecanismos de ensaio-erro,coa mediación do mestre na clase, estes procedementos deben ser fundamentais neste nivel, sobre todo para alumnos con problemas de autoconfianza o medo ao fracaso. Por medio do erro, sempre conscente, o alumno pode progresivamente, acercarse á resolución de problemas por si mesmo. Sen embargo non debemos esquecer que é unha estratexia de ensino, que debe ir integrada ao tipo de aprendizaxe receptivo, polo cal o alumno recibe a información, organizada por parte do profesor.
- Os pasos máis firmes no aprendizaxe van do coñecido ao descoñecido, e de dificultade gradual de menos a máis, dentro do nivel e este proceso de planificado de ensinanza debe estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade dos aprendizaxes, asegurando que podan ser utilizadas nas circunstancias reais en que o alumno os necesite.
- Dentro das estratexias coas que imos construír o desenvolver, dentro da experiencia na clase, as capacidades do alumno para a súa formación e o desenvolvemento da memoria nos seus diferentes tipos: memoria mental,memoria muscular e memoria auditiva.
- Memoria mental , axúdanos a lembrar, aprender, concentrarnos retendo información.
- Memoria muscular, pola que construímos parte da técnica e o alumno aprende pasaxes das obras ou estudos. Este tipo de memoria obtense por medio da experiencia sensitiva e non só da conceptual. É moi importante que o alumno coñeza os procedementos mecánicos polos cales funciona a técnica de maneira consciente, e a repetición do movemento ou sensación correcta é importante para a fijación da mesma, evitando a repetición de movementos incorrectos.
- Memoria visual, podemos utilizar de dúas formas diferentes; unha para memorizar a partitura, axudando a aprender de memoria para un traballo máis profundo de outros aspectos musicais (interpretación ,sensacións ,sensibilidade ,etc.).O outro uso que se lle da á memoria visual ten que ver coa fijación das referencias,cambios de posición ou desprazamentos da má esquerda, fixación das zonas do arco, o mecanismo técnico ben feito, unha actitude tocando ou unha imaxe estética.
- Memoria auditiva. É, por suposto, unas das máis importantes para o desenvolvemento musical. O seu uso ten tamén varias vertientes estratéxicas: primeiro é unha ferramenta para o aprendizaxe do oído interno, que á vez é na base da afinación interna e referencia para a diferenciación interválica dos sons. A busca dun son de calidade é desarrollo dun oído polifónico, na que divídese a audición interna do propio son co respecto outros sons, é unha educación da escoita atenta.
- As técnicas de estudo. O profesor nas clases individuais contemplará as estratexias máis oportunas para conseguir no alumno mellores resultados e o entendemento dos problemas ou dificultades surxidas.Algunhas destas técnicas de estudo van axudar á comprensión de cuestións técnicas e expresivas no aprendizaxe dunha pasaxe ou unha obra, e na aplicación destes coñecementos ás demais obras que o alumno te que afrontar no futuro. O uso destes recursos na clase te unha funcionalidade, que o alumno valorará do por qué do seu uso e para qué.
- Dentro destas técnicas de estudo pode empregarse como exemplo; o que denominase estudo a cámara lenta para a concienciación dos actos técnicos e musicais e buscar a perfección no tempo lento para logo levalo progresivamente a máis rápido,neste tipo de estudo os diferentes tipos de memoria xogan un gran papel.
- Estudo con parada calculada,para as pasaxes de dificultade e de afinación, aquí é moi importante a destreza das memorias muscular e auditiva.
- Estudo por descomposición de pasaxes, é unha técnica de simplificación da escritura, por motivos de dificultade técnica o complexidade rítmica ou de escritura musical.Desmontase por fragmentos como un puzzle e cando vencese a dificultade de cada uns dos fragmentos, únense na súa totalidade para verillo no sentido máis amplo do texto. Aplícanse fórmulas rítmicas, así como diferentes velocidades e progresivas (co uso do metrónomo), ata alcanzar a sincronización de movementos á velocidade esixida.
- A participación activa neste proceso, así como a colaboración nas audicións das clases colectivas, individuais e audicións técnicas do departamento axudan ao alumno á preparación e actuación en público.

6. PRIMEIRO CURSO DO GRAO ELEMENTAL.

6.1 Obxectivos

- Aprender o montaxe do clarinete, así como a súa limpeza e mantemento.
- Coñecer o clarinete, é dicir: orixe, familia de instrumentos á que pertence e cómo produce o sonido.
- Traballar o control do aire mediante a respiración abdómino-diafragmática ou baixa.
- Adoptar unha posición corporal equilibrada de maneira que permita respirar con naturalidade e favoreza unha correcta colocación co instrumento.
- Coloca-la embocadura de xeito adecuado e adoptar unha boa posición corporal.
- Emitir un sonido estable usando diferentes dinámicas.
- Comezar a adquirir técnicas de estudio eficaces.
- Tocar pequenas pezas tendo en conta elementos básicos na súa interpretación: fraseo, práctica de dinámicas e articulacións, tempo ritmo... tendo en conta o nivel do/a alumno/a.
- Iniciar ao alumno na práctica de música colectiva.
- Participar nas audicións que programe o/a profesor/a ao longo de todo o curso académico.
- Desenvolver a capacidade de esforzo e superación ante as dificultades do aprendizaxe do instrumento.

6.2. Contidos

- Práctica da montaxe, limpeza e mantemento do instrumento.
- Aprendizaxe das partes do clarinete, familia á que pertence, orixe histórica e produción do son.
- Práctica de exercicios de respiración específicos para o desenvolvemento da capacidade pulmonar abdómino diafragmática ou baixa, sen e co instrumento.
- Práctica de exercicios progresivos para a adquisición dunha correcta posición corporal e embocadura, sen e co instrumento.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado picado staccatto, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/a alumno/a.
- Emisión e produción do son en diferentes rexistros e dinámicas.

- Aprendizaxe dunha técnica de estudio eficaz.
- Práctica de elementos básicos que interveñen no fraseo musical: dinámicas, articulación, tempo, agógica, carácter...
- Interpretación de escalas.
- Exercicios para o desenvolvemento da memoria na interpretación musical.

6.3. Recursos didácticos humanos e materiais.

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou tutores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, así como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

Estudios:

Aprende Tocando el Clarinete / Peter Wastall / Mundimúsica. L'ABC du Jeune Clarinetiste vol. 1 / G. Dangain / Billaudot. Mi Primer libro de Clarinete / J.Vicente Pérez Planells. Enjoy Playing The Clarinet / Ruth Bonetti
Die Fröhliche Klarinette Band 1 / R. Mauz / Ed.Schott

Obras:

Music Through Time / P. Harris / Oxford University
La Clarinette Clasique A / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre 84 Dúos / H. Voxman / Rubank Educational.
Escuchar, Leer y Tocar vol.1 / DeHaske
Motivaciones 1 / Carlos López García-Picos (obra galega) Die Fröhliche Klarinette Spielbuch 1/ R. Mauz / Ed.Schott

6.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais ou titores que neste grao será moi directa, dado que entran na aula (coa asiduidade que lles sexa posible) e comparten co seu fillo/a o proceso de aprendizaxe, xerando así un vínculo extraordinario que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requerimento de concentración e control.

Tamén se promoverá por parte do profesor o tocar a dúo co alumno co cal se redonda no anterior e se manifesta un exemplo claro e vivo para o alumno/a.

6.5. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

6.5.1. Avaliación inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.

6.5.2. Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.

6.5.3. Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.

6.5.4. Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudo persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudo persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

6.6. Criterios de avaliación:

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual nas escalas, estudos e pequenas obras seleccionadas para este nivel.
- grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.
- A capacidade de adaptación ao grupo así como a adopción de distintos roles dentro deste: solista, acompañamento...
- A capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos de linguaxe musical, así como a capacidade para percibir e relacionar distintos elementos musicais.
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.
- Prestarase especial atención ao interese que mostre o/a alumno/a polo coñecemento teórico-práctico dos orixes do instrumento, familia, e do repertorio escollido así como o seu equilibrio persoal ante situacións de estrés ou nerviosismo: probas específicas, cotrois, audicións...

6.7. Temporalización.

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudo dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudo de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

6.8. Mínimos esixibles.

Para a superación do curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.
- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.
- En canto aos Métodos: Aprende tocando o clarinete de P. Wastall ata a unidade 16.

6.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para concede-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no momento da súa solicitude. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

6.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso, e podrá preguntarlle todas as cuestións que considere oportunas de acordo aos mínimos esixibles establecidos para ese nivel.

6.11. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

7. SEGUNDO CURSO DO GRAO ELEMENTAL.

7.1. Obxectivos

- Traballar sobre o control do aire mediante a respiración abdómino- diafragmática ou baixa.
- Coñecer os elementos que forman parte da técnica da respiración e aplicala a técnica de base do instrumento.
- Ampliar o coñecemento de elementos básicos do funcionamento e orixe do instrumento: sistema de produción do son, orixe, familia, posibilidades sonoras...
- Adoptar unha posición corporal equilibrada de maneira que permita respirar con naturalidade e favoreza unha correcta colocación co instrumento.
- Adquirir unha embocadura correcta que permita ao/ á alumno/a un control do son e da articulación.
- Traballar diferentes tipos de articulación, utilización da lingua e a respiración.
- Conseguir unha estabilidade rítmica suficiente de maneira que permita ao/á alumno/a interpretar escalas, estudos e pezas con independencia mantendo un pulso estable.
- Tocar pequenas pezas tendo en conta elementos básicos na súa interpretación: fraseo, práctica de dinámicas e articulacións, tempo, ritmo... sempre de acordo ao nivel do/a alumno/a.
- Desenvolver aspectos relacionados coa interpretación en grupo, tales como: identificación de roles, afinación, homoxeneización da articulación, equilibrio dos planos sonoros, sentido auditivo...
- Coñecer cuestións moi básicas acerca de estilos, fraseo, agógica...
- Desenvolver a capacidade de esforzo ante ás dificultades do aprendizaxe do clarinete.
- Coñecer escálala maiores e menores ata dúas alteracións, así como a escala cromática.
- Desenvolver técnicas e rutinas de estudo eficaces.
- Participar nas audicións que programe o/a profesor/a ao longo de todo o curso académico.

7.2. Contidos.

- Práctica de exercicios de respiración con instrumento adoptando unha posición corporal equilibrada.
- Desenvolvemento do grao de tensión e pulo dos músculos que interveñen na respiración abdómino-diafragmática ou baixa.
- Práctica de exercicios que permitan un fortalecemento da embocadura para o correcto desenvolvemento de aspectos técnicos e interpretativos, tales como estabilidade sonora, afinación, articulación, fraseo...
- Iniciación á práctica de escalas maiores e menores ata dúas alteracións, así como a escala cromática.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agógica, dinámicas...
- Práctica de conxunto con outros instrumentistas.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Desenvolvemento progresivo da memoria.

- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado picado staccatto, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- Práctica de escalas e intervalos para iniciarse na consecución da calidade sonora, precisión, flexibilidade e axilidade na dixitación e interpretación de esalas, estudos e textos musicais.
- Práctica de exercicios para o desenvolvemento da memoria na inetpretación musical.
- Aprendizaxe dunha técnica de estudio eficaz.

7.3. Recursos didácticos humans e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, asé como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, asé como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

Mi Segundo libro de Clarinete / V. P. Planells.

L'ABC du Jeune Clarinetiste vol. 2 / G. Dangain / Billaudot. Aprende Tocando

el Clarinete / Peter Wastall / Rivera.

Método para Clarinete (1ª parte) / Antonio Romero / U. Musical Española Die Fröhliche

Klarinette Band 2/ R. Mauz / Ed.Schott

Obras:

La Clarinette Clasiqne A / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre. 84 Dúos / H.

Voxman / Rubank Educational.

Music Through Time / P. Harris / Oxford University

El Clarinete en la Clase Colectiva vol. 1 / Ibáñez Cursá / Rivera Editores. Motivaciones 2

/ Carlos López García-Picos (obra galega)

Die Fröhliche Klarinette Spielbuch 2/ R. Mauz / Ed.Schott .

7.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais ou titores que neste grao será moi directa, dado que entran na aula (coa asiduidade que lles sexa posible) e comparten co seu fillo/a o proceso de aprendizaxe, xerando así un vínculo extraordinario que servirá para o

desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requirimento de concentración e control.

Tamén se promoverá por parte do profesor o tocar a dúo co alumno co cal se redonda no anterior e se manifesta un exemplo claro e vivo para o alumno/a.

7.5. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

7.5.1. **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.

7.5.2. **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.

7.5.3. **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.

7.5.4. **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

7.6. Criterios de avaliación.

Valorase:

A capacidade de aprendizaxe progresiva individual nas escalas, estudos e pequenas obras seleccionadas para este nivel.

O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.

A capacidade de adaptación ao grupo así como a adopción de distintos roles dentro deste: solista, acompañamento...

A capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos de linguaxe musical, así como a capacidade para percibir e relacionar distintos elementos musicais.

A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada. Prestarase especial atención ao interese que mostre ou/a alumno/a polo coñecemento teórico-práctico dos orixes do instrumento, familia, e do repertorio escollido así como ou seu equilibrio persoal ante situacións de estrés ou nerviosismo: probas específicas, audicións...

7.7. Temporalización

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudo dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudo de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

7.8. Mínimos esixibles.

Para a superación do curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso. Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.

En canto aos métodos: Aprende Tocando o clarinete de P. Wastall, ata a última unidade incluída, xunto coas pequenas pezas de concerto.

Interpretación das escalas: ata dúas alteracións e escala cromática. Negra=70

7.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para conceder-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no momento da súa solicitude. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

7.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

7.11. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

8. TERCEIRO CURSO DO GRAO ELEMENTAL.

8.1. Obxectivos.

- Coñecer o concepto de afinación e dos medios dos que dispoñemos para corrixir a mesma.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control da afinación e ou perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Consolidar unha posición corporal equilibrada de maneira que permita ao/á alumno/a a interpretación fluída de escalas, estudos e obras.
- Controlar a embocadura de maneira que facilite unha correcta interpretación, emisión, flexibilidade do son, afinación...
- Traballar as diferentes formas de articulación e emisión para afianzar o seu control: legato, picados, staccatos, apoios, acentos...

- Desenvolver a capacidade de integración e adaptación nun grupo musical: identificación de roles, afinación, homoxeneización da articulación, equilibrio planos sonoros, sentido auditivo...
- Practicar diferentes dinámicas progresivas en favor dunha interpretación non monótona das obras.
- Traballar o concepto de afinación e os medios dos que dispoñemos para corrixir a mesma.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Memorizar fragmentos musicais breves.
- Practicar a lectura a 1ª vista de textos musicais de dificultade acorde ao curso.
- Participar en todas as audicións programadas durante o curso polo/a profesor/a correspondente.
- Executar as distintas pezas tendo en conta elementos básicos na súa interpretación: fraseo, práctica de dinámicas e articulacións, tempo, ritmo... sempre de acordo ao nivel do/a alumno/a.
- Coñecer cuestións moi básicas acerca de estilos, fraseo, agógica...
- Desenvolver a capacidade de esforzo ante ás dificultades do aprendizaxe do clarinete.
- Coñecer escalas maiores e menores ata tres alteracións, así como a escala cromática en diferentes articulacións.

8.2. Contidos

- Práctica de exercicios de respiración con instrumento adoptando unha posición corporal equilibrada e fluidez na interpretación.
- Desenvolvemento do grao de tensión e pulo dos músculos que interveñen na respiración abdómino-diafragmática ou baixa.
- Práctica de exercicios que permitan un fortalecemento da embocadura para o correcto desenvolvemento de aspectos técnicos e interpretativos, tales como estabilidade sonora, afinación, articulación, fraseo...
- Práctica de escalas maiores e menores ata tres alteracións, así como a escala cromática en diferentes articulacións.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agógica, dinámicas...
- Práctica de conxunto con outros instrumentistas, garantindo a adaptabilidade e integración nun grupo musical.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Interpretación dun repertorio moi básico de obras ou pequenas pezas pertencentes a distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado picado staccatto, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- Práctica de escalas e intervalos para iniciarse na consecución da calidade sonora, precisión, flexibilidade e axilidade na dixitación e interpretación de escalas, estudos e textos musicais.
- Práctica de exercicios para o desenvolvemento da memoria na interpretación musical.
- Aprendizaxe dunha técnica de estudio eficaz.

8.3. Recursos didácticos humans e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, asé como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

25 Estudios Fáciles e Progesivos / J. Lancelot / M. Trsatlantiques. Método para Clarinete (1ª parte) / Antonio Romero / U. Musical Española. Método Completo para Clarinete / H. Klosé / Música Moderna.
Die Fröhliche Klarinette Band 3/ R. Mauz / Ed.Schott

Obras:

Berceuse / G. Fauré Romance /
Dubois

La Clarinette Clasique B / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre. Play
Gershwin / Alan Gout / Faber Music.

Petite Piece para Clarinete e Piano / C. Debussy / Durand Divertimento nº 1
para clarinete e piano / W. A. Mozart /

El Clarinete en la Clase Colectiva vol. 1 / Ibañez Cursá / Rivera Editores. Die Fröhliche
Klarinette Spielbuch 3/ R. Mauz / Ed.Schott

Dúo nº 1 para clarinete y piano / Carlos M. Cambeiro Alís (obra galega)

8.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais ou titores que neste grao será moi directa, dado que entran na aula (coa asiduidade que lles sexa posible) e comparten co seu fillo/a o proceso de aprendizaxe, xerando así un vínculo extraordinario que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requerimento de concentración e control.

Tamén se promoverá por parte do profesor o tocar a dúo co alumno co cal se redunda no anterior e se manifesta un exemplo claro e vivo para o alumno/a.

8.5. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

8.5.1. Avaliación inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas

especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.

8.5.2. Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.

8.5.3. Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.

8.5.4. Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou o final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

8.6. Criterios de avaliación .

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual nas escalas, estudos e pequenas obras seleccionadas para este nivel.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.
- A capacidade de adaptación ao grupo así como a adopción de distintos roles dentro deste: solista, acompañamento...
- A capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos de linguaxe musical, así como a capacidade para percibir e relacionar distintos elementos musicais.
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.
- Prestarase especial atención ao interese que mostre ou/a alumno/a polo coñecemento teórico-práctico dos orixes do instrumento, familia, e do repertorio escollido así como ou seu equilibrio persoal ante situacións de estrés ou nerviosismo: probas específicas, , audicións...

8.7. Temporalización

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

8.8. Mínimos esixibles

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.

- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo profesor/a correspondente.
- 25 Estudos Fáceis e progresivos, J. Lancelot na súa totalidade.
- Tres das obras programadas no curso.
- Escalas maiores e menores ata tres alteracións e a escala cromática ata Mi sobreagudo. Negra= 80.

8.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para conceder-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no momento da súa solicitude. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

8.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin justificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

8.11. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

9. CUARTO CURSO DO GRAO ELEMENTAL

9.1. Obxectivos.

- Consolidar unha posición corporal equilibrada de maneira que favoreza unha correcta interpretación.
- Controlar perfectamente o aire mediante a respiración abdómino- diafragmática ou baixa así como os músculos que interveñen na formación da embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación e calidade sonora.
- Emitir un son estable e de calidade en todo o rexistro coñecido do instrumento.
- Controlar as diferentes formas de articulación de acordo ao seu nivel en diferentes rexistros e dinámicas.
- Interpretar un repertorio básico de obras pertencentes a distintas épocas e estilos. En grupo e como solista.
- Dominar as escalas maiores e menores ata catro alteracións, así como a escala cromática con diferentes articulacións en todo o rexistro do instrumento coñecido.
- Interrelacionar os coñecementos adquiridos na clase de instrumento cos das materias de Linguaxe Musical e Educación Auditiva.
- Memorizar fragmentos musicais extensos: unha peza curta, primeiro movemento dunha sonata...
- Desenvolver técnicas e rutinas de estudio eficaces.
- Desenvolver a capacidade de esforzo e superación ante as dificultades de aprendizaxe do instrumento.
- Participar en todas as audicións programas durante o curso polo profesor/a correspondente.

9.2. Contidos.

- Práctica de exercicios de respiración con instrumento adoptando unha posición corporal equilibrada e fluidez na interpretación.
- Desenvolvemento do grao de tensión e pulo dos músculos que interveñen na respiración abdómino-diafragmática ou baixa.
- Práctica de exercicios que permitan un fortalecemento da embocadura para o correcto desenvolvemento de aspectos técnicos e interpretativos, tales como estabilidade sonora, afinación, articulación, fraseo...
- Práctica de escalas maiores e menores ata catro alteracións, así como a escala cromática en diferentes articulacións.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agógica, dinámicas...
- Práctica de conxunto con outros instrumentistas, garantindo a adaptabilidade e integración nun grupo musical.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Interpretación dun repertorio moi básico de obras ou pequenas pezas pertencentes a distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado picado staccatto, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- Práctica de escalas e intervalos para iniciarse na consecución da calidade sonora, precisión, flexibilidade e axilidade na dixitación e interpretación de escalas, estudos e textos musicais.
- Práctica de exercicios para o desenvolvemento da memoria na interpretación musical.
- Aprendizaxe dunha técnica de estudio eficaz.

9.3. Recursos didácticos humans e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, así como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

33 Estudios Assez Faciles vol. 1 / J. Lancelot / M. Trasatlantiques. Método Completo para Clarinete (1ª parte) / Antonio Romero / U. Musical Método Completo para Clarinete / H. Klosé / Música Moderna.

Escalas e Arpejos / Boosey and Hawkes. Gammes et Exercises / J. Lancelot.
24 Exercicios de Mecanismo / T. Blatt.

Obras:

5 Sonatas / Lefèvre / Schott.

Romanze para Clarinete e Piano / M. Reger / Breitkopf.

Divertimento nº 3 para Clarinete e Piano / W. A. Mozart

Bagatelles / A. White / Robertson.

Peza en Sol m / G. Pierné

La Clarinette Clasiq. B / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre

Dúo nº 2 para clarinete y piano / Carlos M. Cambeiro Alís (obra galega)

9.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais ou titores que neste grao será moi directa, dado que entran na aula (coa asiduidade que lles sexa posible) e comparten co seu fillo/a o proceso de aprendizaxe, xerando así un vínculo extraordinario que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requirimento de concentración e control.

Tamén se promoverá por parte do profesor o tocar a dúo co alumno co cal se redonda no anterior e se manifesta un exemplo claro e vivo para o alumno/a.

9.5. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- Avaliación inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detectar o nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

9.6. Criterios de avaliación.

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual nas escalas, estudos e pequenas obras seleccionadas para este nivel.
- grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.
- A capacidade de adaptación ao grupo así como a adopción de distintos roles dentro deste: solista, acompañamento...
- A capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos de linguaxe musical, así como a capacidade para percibir e relacionar distintos elementos musicais.
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.
- Prestarase especial atención ao interese que mostre ou/a alumno/a polo coñecemento teórico-práctico dos orixes do instrumento, familia, e do repertorio escollido así como o seu equilibrio persoal ante situacións de estrés ou nerviosismo: probas específicas, , audicións...

9.7. Temporalización

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

9.8. Mínimos esixibles.

Para a superación do curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.
- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.
- En canto aos métodos: a totalidade do libro 33 Estudios Assez Faciles vol. 1 / J. Lancelot / M. Trasatlantiques.
- A interpretación de tres obras de diferentes estilos das contidas na programación co consenso do/a profesor/a, sendo unha delas de memoria.
- Escalas Maiores e menores ata catro alteracións e escala cromática ata Sol sobreagudo . Negra=100

9.9. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

9.10. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

GRAO PROFESIONAL.

10. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL

A ensinanza de clarinete no Grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- Demostrar-la sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade acorde a este nivel.
- Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Coñece-las diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Practica-la música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

11. CONTIDOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL.

- Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade no legato, nos distintos staccatos, nos saltos, etc)
- Profundización no estudio do vibrato dacordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.
- Traballo de tódolos elementos que interveñen no fraseo musical: liña, color e expresión, adaptándoos aos diferentes estilos, con especial atención ó seu uso nos tempos lentos.
- Estudio do rexistro sobreagudo.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver o sentido da harmonía, a afinación, o ritmo, etc.
- Estudio do repertorio solista con orquestra.
- Estudio dos instrumentos afines
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ó coñecemento das súas grafías e efectos.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.

Nota – En cada curso deberanse traballar os contidos específicos sinalados pero tamén deberanse perfeccionar os contidos de tódolos cursos anteriores para superar os obxectivos dunha ensinanza eficaz baseada na reestruturación dos coñecementos aprendidos e integración de novos coñecementos.

12. METODOLOXÍA DO GRAO PROFESIONAL.

Os principios básicos sobre os que se asenta a ensinanza musical son os seguintes:

- Tomarase sempre como punto de partida o nivel de desenvolvemento do alumno de clarinete, preténdese desta maneira que os novos coñecementos sexan unha prolongación ou continuación dos xa adquiridos anteriormente, facilitando, de este xeito, a súa asimilación e comprensión.
- O aprendizaxe do alumno de clarinete debe ser significativo e funcional, é dicir, os novos coñecementos deben relacionarse de maneira significativa co que o alumno xa sabe, transformando a estrutura previa e facéndoa duradeira.
- A funcionalidade do aprendizaxe é un dos factores que máis favorecen a motivación do alumnado.

- Xerar e fomentar no alumno de clarinete a capacidade de aprender por si mesmos debe ser unha prioridade para o profesor. Favorecer a motivación do alumnado, estimulando o reto pola autosuperación orientada sempre ao logro dun fin musical antes que a un fin superficial (premios, prestixio, éxitos). Desenvolver o pracer da propia escoita durante a interpretación. Tocar diante do alumno, ofrecendo reforzos positivos e negativos en función de cada situación. As explicacións verbais deben transmitir con claridade o que queremos obter. Fomentaremos tamén a participación dos alumnos nas clases colectivas.
- O aprendizaxe significativo supón unha modificación e reestructuración dos coñecementos previos o adquirir nova información.
- Debe haber unha intensa actividade por parte do alumno. A función do profesor debe ser orientadora evitando ensinar o que o alumno poda aprender por si mesmo.
- A atención á diversidade debe estar incorporada á práctica e planificación docente para dar respostas ás necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- As clases deben ter un carácter integrador. Debemos interrelacionar a clase individual de clarinete coas demais asignaturas do currículo: linguaxe musical, piano complementario, harmonía, orquestra...
- A traxectoria formativa, consecuenta coa dificultade destes estudos que prolongase durante seis cursos neste grao profesional, obriga aos alumnos a unha forzosa simultaneidade dos mesmos cos correspondentes ó ensino obrigatorio e o bacharelato, conscentes disto o profesorado, face aconsellable que o proceso educativo siga o principio de actividade construtiva e práctica como factor decisivo na realización do aprendizaxe. O profesor en dito proceso será un guía, conselleiro técnico, dando respostas e solucións concretas a problemas e dificultades igualmente concretas, en todo aquilo que teña un carácter máis xeral, dar opcións e orientacións, máis que impoñer criterios. Orientar non significa conducir cara a uns resultados predeterminados, polo tanto, compre que o alumno desenvolva a súa capacidade creativa e construtiva coa formación e información que xa posúe e os novos coñecementos que va adquirir, precisa unha labor centrada en estimular e ensanchar a receptividade e a capacidade de resposta do alumno ante o feito musical. A tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e sensibilidade propia do alumno, o fin que perséguese.
- Estudo da técnica, compre concibirilla no seu sentido profundo, como unha verdadeira técnica da interpretación, debe rebasar con moito o concepto de pura mecánica de execución, aínda que sexa parte integrante. A técnica, como medio no seu sentido máis amplo, debe ir integrada dentro da interpretación como un medio e un fin.
- A necesidade de garantir a funcionalidade dos aprendizaxes, e un obxectivo prioritario, asegurando que podase utilizar nas circunstancias reais que o alumno llo necesite. O aprendizaxe funcional entendese no só a posible aplicación práctica do coñecemento adquirido, senón tamén, e sobre todo o feito dos contidos sexan necesarios e útiles para levar a cabo outros aprendizaxes e para enfrontarse con éxito á adquisición doutros contidos. Isto conleva unha estruturación do seu relación e interrelación entre os distintos contados.
- Estudo require un esforzo e unha disciplina, así como a adquisición duns hábitos de estudo que precisase inculcar aos alumnos. O enfoque das clases consiste en abordar e explicar as dificultades, plantando solucións prácticas, dificultade progresiva e problemas técnicos abordables dentro do seu nivel educativo, tarefa común necesaria superar pouco a pouco.
- O profesor orienta e ofrece diversas opcións, o alumno ca súa participación pode desenvolver mecanismos de intuición e aumento da receptividade.
- Nos estudos técnicos, tanto a memoria visual, mental, auditiva ou muscular, adquirese mediante a práctica, repetición, razoamento e perfeccionamento para un correcto progreso.
- Memoria mental, axúdanos a lembrar, aprender, concentrarnos retendo información.
- Memoria muscular, pola que construímos parte da técnica e o alumno aprende pasaxes das obras ou estudos. Este tipo de memoria obtense por medio da experiencia sensitiva e non só da conceptual. É moi importante que o alumno coñeza os procedementos mecánicos polos cales funciona a técnica de maneira consciente, e a repetición do movemento ou sensación correcta é importante para a fijación da mesma, evitando a repetición de movementos incorrectos.
- Memoria visual, podemos utilizar de dúas formas diferentes; unha para memorizar a partitura, axudando a aprender de memoria para un traballo máis profundo de outros aspectos musicais (interpretación, sensacións

,sensibilidade ,etc.). O outro uso que se lle da á memoria visual ten que ver coa fijación das referencias,cambios de posición ou desprazamentos da má esquerda, fixación das zonas do arco, o mecanismo técnico ben feito, unha actitude tocando ou unha imaxe estética.

- Memoria auditiva. É, por suposto, unas das máis importantes para o desenvolvemento musical. O seu uso ten tamén varias vertientes estratéxicas: primeiro é unha ferramenta para o aprendizaxe do oído interno, que á vez é na base da afinación interna e referencia para a diferenciación interválica dos sons. A busca dun son de calidade é desarrollo dun oído polifónico, na que divídese a audición interna do propio son co respecto outros sons, é unha educación da escoita atenta.

- As técnicas de estudo. O profesor nas clases individuais contemplará as estratexias máis oportunas para conseguir no alumno mellores resultados e o entendemento dos problemas ou dificultades surxidas. Algunhas destas técnicas de estudo van axudar á comprensión de cuestións técnicas e expresivas no aprendizaxe dunha pasaxe ou unha obra, e na aplicación destes coñecementos ás demais obras que o alumno te que afrontar no futuro. O uso destes recursos na clase te unha funcionalidade, que o alumno valorará do por qué do seu uso e para qué. Dentro destas técnicas de estudo pode empregarse como exemplo; o que denominase estudo a cámara lenta para a concienciación dos actos técnicos e musicais e buscar a perfección no tempo lento para logo levalo progresivamente a máis rápido, neste tipo de estudo os diferentes tipos de memoria xogan un gran papel.

- Estudo con parada calculada,para as pasaxes de dificultade e de afinación, aquí é moi importante a destreza das memorias muscular e auditiva.

- Estudo por descomposición de pasaxes, é unha técnica de simplificación da escritura, por motivos de dificultade técnica o complexidade rítmica ou de escritura musical.Desmontase por fragmentos como un puzzle e cando vencese a dificultade de cada uns dos fragmentos, únense na súa totalidade para verllo no sentido máis amplo do texto. Aplícanse fórmulas rítmicas, así como diferentes velocidades e progresivas (co uso do metrónomo), ata alcanzar a sincronización de movementos á velocidade esixida.

- A participación activa neste proceso,así como a colaboración nas audicións das clases colectivas, individuais e audicións técnicas do departamento axudan ao alumno á preparación e actuación en público.

- Estudo diario lle permitirá ao alumno coñecer e superar as materias, ampliando a súa formación e información nas seguintes clases. O avance progresivo mediante o estudo persoal , e o mellor estímulo intelectual e emocional, como motivación persoal para o alumno, llo que crea unha seguridade en si mesmo e un alto nivel de autoestima.Polotanto esta motivación intrínseca lle da un carácter independente con respecto da opinión xeral, llo que procúralle un desenvolvemento da súa personalidade e tamén estar máis cerca do que persigue o grao profesional dos estudos do violoncello, que é alcanzar a metacognición, é dir. aprender a aprender,saber distinguir o bo, imprescindible e necesario do superfluo, saber estudar aplicando as técnicas e coñecementos adquiridos en cada momento.

- A praxis do aprendizaxe funcional remata coa participación dos alumnos en audicións o actuacións publicas, aportando a experiencia in situ e colaborando na formación persoal e profesional, que pretende nesta etapa impulsar a autonomía dos alumnos.

13. PRIMEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL.

13.1. Obxectivos.

- Consolidar unha posición corporal equilibrada de maneira que favoreza unha correcta interpretación.

- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

- Controlar correctamente o aire mediante a respiración abdómino- diafragmática ou baixa e os músculos que conforman a embocadura, de maneira que posibiliten unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade no son.

- Dominar as escalas maiores e menores (natural, harmónica e melódica) ata 5 alteracións.

- Relacionar a clase de instrumento coas demais materias teórico/prácticas que conforman o currículo: linguaxe musical, conxunto, clase co pianista acompañante e banda.

- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diversas épocas e estilos de dificultade axeitada a este nivel.

- Controlar as diferentes formas de articulación: ligado, picado, staccatto..

- Ampliar o rexistro sobreagudo do instrumento ata la6.
- Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar aspectos relacionados coa interpretación: articulación, fraseo, emisión, dixitación, dinámicas...
- Iniciarse nas diferentes convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música, especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación.
- Iniciarse no estudio do clarinete baixo e/ou requinto na clase de Conxunto.
- Interpretar e coñecer obras e autores do repertorio Clásico, Romántico e s.XX. en público, con piano e outras agrupacións, de acordo ao nivel do alumno/a.
- Memorizar fragmentos musicais máis extensos que o curso precedente. Practicar a música de conxunto en formacións camerísticas de diversa configuración, desempeñando papeis de solista e de acompañamento, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores de acordo ao nivel do alumno/a.
- Realizar audicións en público, con dominio e autocontrol.

13.2. Contidos.

- Exercicios con e sen instrumento para a práctica da relaxación corporal. Desenvolvemento da velocidade na dixitación así como da precisión e axilidade nas articulacións.
- Práctica de escalas maiores e menores (natural, harmónica e melódica) ata 5 alteracións.
- Traballo dos distintos elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor, expresión, dinámicas, agónicas...adecuándoos aos diferentes estilos con especial atención ao seu estudio nos tempos lentos.
- Iniciación no estudio do rexistro sobreagudo ata La6.
- Posta en práctica dos medios necesarios para modificar a afinación.
- Práctica de obras representativas, de acordo ao nivel do alumno, do período clásico, romántico e s.XX.
- Práctica da música de conxunto en formacións camerísticas de diversa configuración, desempeñando papeis de solista e de acompañamento, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores de acordo ao nivel do alumno/a.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura á primeira vista.
- Desenvolvemento da autonomía para resolver problemas de dixitación, fraseo, articulación, afinación...
- Iniciación na práctica dos instrumentos da familia do clarinete –clarinete baixo e requinto.

13.3. Recursos didácticos humanos e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, así como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da enseñanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da enseñanza individualizada do alumnado.

Estudios:

Escalas / Stiévenard / Schirmer.

33 Estudios Assez Faciles vol. 2 / J. Lancelot / M. Trasatlantiques. 26 Estudios / C. Rose / M. R. Braun.
21 Caprichos / Gambaro / Ricordi.
Método Completo para Clarinete (2ª parte) / Antonio Romero / U. Musical.

Obras:

Selected Duets vol. 2 / Voxman / Rubank Educational. Sonata en Sol m / F. Haendel / Billaudot.
Catro Sonatas de Igrexa / W. A. Mozart / Boosey and Hawkes Adagio / Baermann / Breitkopf and Hartel g
Concerto / R. Korsakoff / Boosey and Hawkes Fantasía / C. Nielsen / Idille / E. Bozza
Catro Pezas Cortas / H. Ferguson / Boo 1999.
La Clarinette Clasique C / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre Alentía / Miguel Brotóns (obra galega).

13.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais/ titores, donde o alumno poida compartir todas as súas inquiredanzas musicais abertamente e poida tocar a dúo co seu profesor dende repertorio específico como orquestal etc, que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requerimento de concentración e control.

13.5. Procedementos e instrumentos de avaliación

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- Avaliación inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detectalo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

13.6. Criterios de avaliación.

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual durante a interpretación de escalas, estudos e obras de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- A interpretación das obras tendo en conta os criterios de estilo correspondentes, sempre de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- Dominio na execución de estudos, obras e fragmentos orquestrais sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- O grao de dominio na demostración da sensibilidade auditiva cara á busca dunha boa calidade sonora, mellora da afinación e adaptación ao medio.
- A seguridade e comprensión das obras na interpretación , demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de autonomía na resolución de problemas que poidan xurdir, tales como dixitación, cambios de afinación, cuestións de estilo e fraseo.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- A corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- A nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- O grao de perfeición global na execución das escalas, estudos e obras.
- A fluidez, comprensión e precisión na lectura á primeira vista.
- A Interpretación con público, en grupo e como solista, de obras representativas ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos Propostas para o curso.

13.7. Temporalización

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

13.8. Mínimos esixibles.

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.

- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.
- 26 Estudios, C. Rose, ata o nº 18
- 33 Estudios Assez Faciles vol. 2, J. Lancelot, todos os estudos.
- 21 Caprichos, Gambaro, ata o nº 12
- Escalas maiores e menores, de memoria, ata cinco alteracións, e escala cromática ata La sobreagudo. Negra= 120
- Tres das obras programadas de diferentes estilos.

13.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para conceder-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no momento da súa solicitude. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

13.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

13.11. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso.

O titor será quen actúe como tribunal examinador.

14. SEGUNDO CURSO DO GRAO PROFESIONAL.

14.1. Obxectivos.

- Consolidar unha posición corporal equilibrada de maneira que favoreza unha correcta interpretación.
- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Controlar correctamente o aire mediante a respiración abdómino- diafragmática ou baixa e os músculos que conforman a embocadura, de maneira que posibiliten unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade no son.
- Dominar as escalas maiores e menores ata 7 alteracións.
- Ampliar o rexistro sobreagudo do instrumento ata La#6.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diversas épocas e estilos de dificultade axeitada a este nivel.
- Relacionar a clase de instrumento coas demais materias teórico/prácticas que conforman o currículo: linguaxe musical, conxunto, clase co pianista acompañante e banda.
- Desenvolvemento da velocidade e precisión na dixitación co instrumento a través do estudio lento dos diferentes fragmentos musicais.
- Controlar e perfeccionar as diferentes formas de articulación: ligado, picado, staccatto...
- Traballar todos os elementos que interveñen nunha interpretación comunicativa: fraseo, agónica, cambios de cor, movemento corporal, dinámicas...
- Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar aspectos relacionados coa interpretación: articulación, fraseo, emisión, dixitación, dinámicas..
- Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

- Practicar a música de conxunto en formacións camerísticas de diversa configuración, desempeñando papeis de solista e de acompañamento, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.
- Interpretar obras de Conxunto co clarinete baixo e/ou requinto.
- Realizar audicións en público con dominio e autocontrol.
- Interrelacionar a clase de instrumento coas demais disciplinas teórico- prácticas que conforman o currículo do presente curso.

14.2. Contidos.

- Exercicios con e sen instrumento para a práctica da relaxación corporal.
- Desenvolvemento da velocidade na dixitación así como da precisión e axilidade nas articulacións, utilizando todo o rexistro coñecido do instrumento con diferentes dinámicas.
- Práctica de escalas maiores e menores ata 7 alteracións.
- Posta en práctica dos medios necesarios para corrixir a afinación.
- Interpretación en público con piano e outras agrupacións.
- Traballo dos distintos elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor, expresión, dinámicas, agónicas...adecuándoos aos diferentes estilos con especial atención ao seu estudio nos tempos lentos.
- Estudio do rexistro sobreagudo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura á primeira vista.

14.3. Recursos didácticos humans e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanza artística reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, así como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

Escalas / Stiévenard / Schirmer. 21
 Caprichos / Gambaro / Ricordi.
 26 Estudios / C. Rose / M. R. Braun. 32
 Estudios para Clarinete / C. Rose Estudios
 e Exercicios / H. Klosé /

Obras:

Selected Duets vol. 2 / Voxman / Rubank Educational. Concerto nº3 en sib / C. Stamitz / IMC.
 Sonata para Clarinete y Piano / Hoffmeister Concerto en Mib / Kozeluch
 7 Variacións Sobre Silvana op.33 / Weber Concerto / K. Kurpinski

Canzonetta / Pierné /
Sonatina / Paul Harris / Fentone..
Five Bagatelles / G. Finzi / Boosey and Hawkes. Aria / E.
Bozza / Leduc.
La Clarinette Clasique C / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre Brétemas / Miguel
Brotóns (obra galega)

14.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais/ titores, donde o alumno poida compartir todas as súas inquiredanzas musicais abertamente e poida tocar a dúo co seu profesor dende repertorio específico como orquestal etc, que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requerimento de concentración e control.

14.5. Procedementos e instrumentos de avaliación

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- Avaliación inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detectar-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa

capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

14.6. Criterios de avaliación.

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual durante a interpretación de escalas, estudos e obras de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- A interpretación das obras tendo en conta os criterios de estilo correspondentes, sempre de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- O dominio na execución de estudos, obras e fragmentos orquestrais sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- O grao de dominio na demostración da sensibilidade auditiva cara á busca dunha boa calidade sonora, mellora da afinación e adaptación ao medio.
- A seguridade e comprensión das obras na interpretación, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de autonomía na resolución de problemas que poidan xurdir, tales como dixitación, cambios de afinación, cuestións de estilo e fraseo.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- A corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- A nitidez e limpeza nas articulacións e picados
- O grao de perfeición global na execución das escalas, estudos e obras.
- A fluidez, comprensión e precisión na lectura á primeira vista.
- A Interpretación con público, en grupo e como solista, de obras representativas ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel, grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.

14.7. Temporalización

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

14.8. Mínimos esixibles.

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes :

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.
- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.
- 21 Caprichos, Gambaro, do estudio 13 ó 21
- 26 Estudios, C. Rose, do estudio 19 ó 26
- 32 Estudios para Clarinete / C. Rose, ata o estudio nº 27
- Estudios e Exercicios, H. Klosé, ata o nº 9.
- Escalas maiores e menores, de memoria, ata seis alteracións, e escala cromática ata o la sobreagudo. Negra= 130
- Tres das obras programadas de diferentes estilos.

14.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para conceder a ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no

momento da súa solicitude. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

14.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

14.11. bas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

15. TERCEIRO CURSO DO GRAO PROFESIONAL.

15.1. Obxectivos.

- Consolidar unha posición corporal equilibrada de maneira que favoreza unha correcta interpretación
- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Controlar correctamente o aire mediante a respiración abdómino- diafragmática ou baixa e os músculos que conforman a embocadura, de maneira que posibiliten unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade no son.
- Dominar as escalas maiores e menores ata 7 alteracións, así como practicar exercicios de intervalos.
- Dominar o rexistro sobreagudo do instrumento.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diversas épocas e estilos de dificultade axeitada a este nivel.
- Relacionar a clase de instrumento coas demais materias teórico/prácticas que conforman o currículo.
- Desenvolvemento da velocidade e precisión na dixitación co instrumento a través do estudio lento dos diferentes fragmentos musicais de acordo ao nivel do alumno/a.
- Controlar e perfeccionar as diferentes formas de articulación: ligado, picado, staccato...
- Traballar todos os elementos que interveñen nunha interpretación comunicativa: fraseo, agónica, cambios de cor, movemento corporal, dinámicas... de acordo ao nivel do alumno/a.
- Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar aspectos relacionados coa interpretación: articulación, fraseo, emisión, dixitación, dinámicas...
- Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Practicar a música de conxunto en formacións camerísticas de diversa configuración, desempeñando papeis de solista e de acompañamento, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.
- Practicar a interpretación do clarinete baixo e requinto.
- Realizar audicións en público con dominio e autocontrol.
- Coñecer técnicas de axuste das lingüetas para poder seleccionalas de acordo a características persoais e características das obras a interpretar.
- Práctica da lectura á primeira vista axilizando os reflexos en canto á súa correcta interpretación técnica e musical.
- Practicar fragmentos de repertorio orquestral.
- Mellorar a calidade e afinación do rexistro sobreagudo.

- Interrelacionar a clase de instrumento coas demais disciplinas teórico- prácticas que conforman o currículo: realizar unha análise histórica previa da partitura e a interpretar, sinalando os aspectos máis relevantes sobre o autor, estrutura e estilo desta.

15.2. Contidos.

- Exercicios con e sen instrumento para a práctica da relaxación corporal.
- Exercicios de emisión, afinación, picados, staccatos, legatos..
- Exercicios para afianzar e mellorar a calidade do son.
- Técnicas para adoptar seguridade no desenvolvemento da memoria.
- Desenvolvemento da velocidade na dixitación así como da precisión e axilidade nas articulacións, utilizando todo o rexistro coñecido do instrumento con diferentes dinámicas.
- Estudio do repertorio orquestral.
- Traballo de dos distintos elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor, expresión, dinámicas, agónicas... adecuándos aos diferentes estilos con especial atención ao seu estudio nos movementos lentos.

15.3. Recursos didácticos humanos e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, así como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

22 Estudios Progresivos / Gambaro / Ricordi 40

Estudios vol.1 / C. Rose / IMC

Método Completo / H. Klosé / Música Moderna

Obras:

Sonata / Danzi / Shott Sonata en

SibM / J. Wanhall

Concertino / C. M. Weber / Breitkopf Sonata en

Mib / F. Mendelssohn Romanza / Strauss /

Introducción e Allegro / C. Reinecke / Bos. Sonatina para

Clate e Piano / Bartok

Self-Parafraza / X. Montsalvage /

Diferencias en modo eolio / Juan Pérez Berná (obra galega)

15.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais/ titores, donde o alumno poida compartir todas as súas inquiredanzas musicais abertamente e poida tocar a dúo co seu profesor dende repertorio específico como orquestal etc, que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requerimento de concentración e control.

15.5. Procedementos e instrumentos de avaliación

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

15.5.1. Avaliación inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.

15.5.2. Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.

15.5.3. Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.

15.5.4. Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

15.6. Criterios de avaliación.

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual durante a interpretación de escalas, estudos e obras de acordo ao nivel do/da alumno/a.

- A interpretación das obras tendo en conta os criterios de estilo correspondentes, sempre de acordo ao nivel do/da alumno/a. dominio na execución de estudos, obras e fragmentos orquestrais sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- O grao de dominio na demostración da sensibilidade auditiva cara á busca dunha boa calidade sonora, mellora da afinación e adaptación ao medio.
- A seguridade e comprensión das obras na interpretación , demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de autonomía na resolución de problemas que poidan xurdir, tales como dixitación, cambios de afinación, cuestións de estilo e fraseo.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- A corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- A nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- O grao de perfección global na execución das escalas, estudos e obras.
- A fluidez, comprensión e precisión na lectura á primeira vista.
- A Interpretación con público, en grupo e como solista, de obras representativas ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.

15.7. Temporalización

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

15.8. Mínimos esixibles

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.
- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.
- 22 Estudos Progresivos / Gambaro, ata o nº 18
- 40 Estudos vol.1 / C. Rose , ata o nº 20.
- Escalas maiores e menores, de memoria, ata sete alteracións, e escala cromática ata o la sobreagudo. Negra= 150
- Tres das obras programadas de diferentes estilos.

15.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para conceder-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no momento da súa solicitude. Ademais observarse o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

15.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

15.11. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

16. CUARTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL

16.1. Obxectivos.

- Controlar perfectamente o aire mediante a respiración abdómino- diafragmática ou baixa así como os músculos que interveñen na formación da embocadura de modo que haxa unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Dominar as escalas maiores e menores con tódalas alteracións, así como a escala cromática con diferentes articulacións en todo o rexistro do instrumento.
- Practicar exercicios de intervalos de 3ª, 4ª e 5ª.
- Dominar o rexistro sobreagudo do clarinete.
- Coñece-los conceptos de vibrato, color, flexibilidade, estilo e ornamentación.
- Practica-lo vibrato como recurso técnico e expresivo.
- Coñece-lo estilo melódico e harmónico dos compositores de música para clarinete dende o Barroco Tardío ata o s. XX.
- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Historia da Música: facer un análise histórico previo da partitura a interpretar, sinalando os aspectos relevantes sobre o autor, a obra e o estilo da mesma.
- Practicar a interpretación do clarinete baixo e requinto.
- Desenvolver técnicas e hábitos de estudo eficaces.
- Desenvolver a capacidade de esforzo e superación ante as dificultades de aprendizaxe do instrumento.
- Mostrar unha plasticidade axeitada no escenario
- Participar en tódalas audicións programadas durante o curso polo profesor.

16.2. Contidos

- Práctica de escalas maiores e menores con ata 7 alteracións, así como a escala cromática en diferentes articulacións.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agónica, dinámicas...
- Práctica de intervalos de 3ª, 4ª e 5ª.
- Práctica do rexistro sobreagudo do clarinete: práctica da escala cromática desde o MI grave ata DO sobreagudo.
- Aprendizaxe dos conceptos de: vibrato, color, flexibilidade, ornamentación e estilo.
- Práctica do vibrato como recurso técnico e expresivo.
- Interrelación coa clase de harmonía: coñecemento do estilo melódico- harmónico dos compositores de música para clarinete.
- Interrelación coa clase de Historia da Música: análise histórico previo das obras, autores, épocas...
- Práctica da interpretación do clarinete baixo e requinto.
- Interpretación dun repertorio de 3 obras de distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado, picado, staccato, subraiado, acentuación...

16.3. Recursos didácticos humanos e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou tutores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, así como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

40 Estudios vol.2 / C. Rose / IMC

20 Estudios de Media Dificultade / Gabucci / Ricordi. Obras:

Concerto en SibM / J. Pleyel Variacións en Do

/ G. Rossini / Zar.

Introducción, tema e variacións / C. M. Weber / Breitkopf Tres Pezas de

Fantasia / R. Schumann / Peters.

Sonata op.167 / Saint-Saens / Dur

Solo de Concurso / Rabaud / Alphonse Leduc Estudio

Melódico / M. Yuste / Grafispania. Monolog 3 / Erland Von

Koch / Carlgehrmans Concerto / P. Harvey /

Homenaxes / Bela Kóvac / Edition Darok. Lied / L.

Berio

Estudio Primo / G. Donizetti / Ricordi Gregorianus 1 /

Jesús González (obra galega).

16.4. Enfoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais/ tutores, donde o alumno poida compartir todas as súas inquiredanzas musicais abertamente e poida tocar a dúo co seu profesor dende repertorio específico como orquestal etc, que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requerimento de concentración e control.

16.5. Procedementos e instrumentos de avaliación

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detectar o nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

16.6. Criterios de avaliación .

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual durante a interpretación de escalas, estudos e obras de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- A interpretación das obras tendo en conta os criterios de estilo correspondentes, sempre de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- O dominio na execución de estudos, obras e fragmentos orquestrais sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- O grao de dominio na demostración da sensibilidade auditiva cara á busca dunha boa calidade sonora, mellora da afinación e adaptación ao medio.
- A seguridade e comprensión das obras na interpretación , demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de autonomía na resolución de problemas que poidan xurdir, tales como dixitación, cambios de afinación, cuestións de estilo e fraseo.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- A corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- A nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- O grao de perfeición global na execución das escalas, estudos e obras.
- A fluidez, comprensión e precisión na lectura á primeira vista.
- A Interpretación con público, en grupo e como solista, de obras representativas ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- Practica-lo vibrato como recurso técnico e expresivo.
- Coñece-lo estilo melódico e harmónico dos compositores de música para clarinete dende o Barroco Tardío ata o s. XX.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Participar nas audicións da especialidade.

- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Historia da Música: facer un análise histórico previo da partitura a interpretar, sinalando os aspectos relevantes sobre o autor, a obra e o estilo da mesma.
- Practicar a interpretación do clarinete baixo e requinto.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.

16.7. Temporalización.

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos paracada nivel.

16.8. Mínimos esixibles.

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.
- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.
- 40 Estudos vol.2 / C. Rose. Todo o libro
- 20 Estudos de Media Dificultade / Gabucci. Todo o libro
- Tres das obras programadas de diferentes estilos.

16.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para conceder-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no momento da súa solicitude. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

16.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

16.11. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

17. QUINTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL.

17.1. Obxectivos.

- Controlar perfectamente o aire mediante a respiración abdómino-diafragmática ou baixa así como os músculos que interveñen na formación da embocadura de modo que haxa unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Dominar as escalas maiores e menores con tódalas alteracións, así como a escala cromática con diferentes articulacións en todo o rexistro do instrumento.
- Demostrar autonomía e sensibilidade auditiva para resolver cuestións relacionadas coa interpretación.
- Desenvolver técnicas e hábitos de estudo eficaces.
- Desenvolver a capacidade de esforzo e superación ante as dificultades de aprendizaxe do instrumento.
- Participar en tódalas audicións programadas durante o curso polo profesor.
- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Análise Musical: aplica-lo análise interpretativo á clase de clarinete.
- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Historia da Música: facer un análise histórico previo da partitura a interpretar, sinalando os aspectos relevantes sobre o autor, a obra e o estilo da mesma.
- Desenvolver a sensibilidade, por parte do alumno, hacia a música que interpreta, hacia o feito musical do concerto en vivo e as diversas interpretacións que dunha mesma obra pode escoitar, en vivo ou a través de gravacións.
- Mostrar unha plasticidade axeitada no escenario
- Practicar a interpretación do clarinete baixo e requinto así como o clarinete en LA.

17.2. Contidos.

- Práctica de escalas maiores e menores en todas as tonalidades, así como a escala cromática en diferentes articulacións e diferentes velocidades.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agónica, dinámicas...
- Sensibilidade e autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación.
- Interrelación coa clase de Análise: análise interpretativo do repertorio proposto.
- Interrelación coa clase de Historia da Música: análise histórico previo das obras, autores, épocas...
- Desenvolvemento da sensibilidade do alumno coa música que interpreta, co feito musical do concerto en vivo e coas diversas interpretacións que dunha mesma obra pode escoitar en vivo ou en gravacións.
- Interpretación dun repertorio de 3 obras de distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado, picado, staccatto, subraiado, acentuación...
- Práctica da interpretación do clarinete baixo e requinto así como o clarinete en LA.

17.3. Recursos didácticos humanos e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, asé como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de guión no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

30 Caprichos / Cavallini / Ricordi.

24 Estudios en Tódalas Tonalidades / R. Stark 12

Estudios Recreativos / C. Baermann.

48 Estudios vol.1 / A. Uhl / Scho KLB13

Passage Studies Vol 1 / F. Thurston / Boosey and Hawkes

Obras:

Estudio Primo / G. Donizetti / Ricordi. Concerto k.

622 / W. A. Mozart / Barenreiter Segunda Sonata /

Devienne / EMT. Concertos para Clave e Orq. / B.

Crusell Concerto nº 1 / C. M. Weber / Breitkopf.

Romanzas / Schumann

Sonata nº1 / J. Brahms / Real Musical Solo

de Concurso / Messager / Leduc. Dúo

Concertante / D. Milhaud Sonatina / G. Jacob

/ Nou-Arch. Sonatina / M. Arnold /

Dance Preludes / W. Lutoslawski / Chester Music

Homenaxes / Bela Kóvacs / Edition Darok. Concerto Klasico /

R. Groba (obra galega)

Repertorio Orquestral (a determinar polo profesor/a).

17.4. Efoque metodolóxico.

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no epígrafe de atención á diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participación integral, por parte do alumnado, docente e pais/ titores, donde o alumno poida compartir todas as súas inquiredanzas musicais abertamente e poida tocar a dúo co seu profesor dende repertorio específico como orquestral etc, que servirá para o desenvolvemento dunha motivación intrínseca no alumno, obtendo así unha dinámica de traballo cómoda pero non por eso de menor requerimento de concentración e control.

17.5. Procedementos e instrumentos de avaliación

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, precísase empregar diferentes tipos de avaliación. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- Avaliación inicial: é necesaria ó principio de cada curso para detectar o nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

17.6. Criterios de avaliación .

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual durante a interpretación de escalas, estudos e obras de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- A interpretación das obras tendo en conta os criterios de estilo correspondentes, sempre de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- O dominio na execución de estudos, obras e fragmentos orquestrais sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- O grao de dominio na demostración da sensibilidade auditiva cara á busca dunha boa calidade sonora, mellora da afinación e adaptación ao medio.
- A seguridade e comprensión das obras na interpretación , demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de autonomía na resolución de problemas que poidan xurdir, tales como dixitación, cambios de afinación, cuestións de estilo e fraseo.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- A corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- A nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- O grao de perfeizón global na execución das escalas, estudos e obras.
- A fluidez, comprensión e precisión na lectura á primeira vista.
- A Interpretación con público, en grupo e como solista, de obras representativas ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- Practica-lo vibrato como recurso técnico e expresivo.
- Coñece-lo estilo melódico e harmónico dos compositores de música para clarinete dende o Barroco Tardío ata o s. XX.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Participar nas audicións da especialidade.

- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Historia da Música: facer un análise histórico previo da partitura a interpretar, sinalando os aspectos relevantes sobre o autor, a obra e o estilo da mesma.
- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Análise Musical: aplica-lo análise interpretativo á clase de clarinete.
- Practicar a interpretación do clarinete baixo e requinto.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.

17.7. Temporalización.

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

17.8. Mínimos esixibles

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Consecución de todos os obxectivos e contidos previstos para este curso.
- Participación en todas as audicións internas e externas programadas polo/a profesor/a correspondente.
- 30 Caprichos / Cavallini, a partir do nº 13 ata o nº 25
- 24 Estudios en Tódalas Tonalidades / R. Stark, ata o 9
- 12 Estudios Recreativos / C. Baermann, ata o nº 9
- 48 Estudios vol.1 / A. Uhl, ata o nº 18
- Passage Studies Vol 1 / F. Thurston, ata o nº 10
- Tres das obras programadas de diferentes estilos .

17.9. Criterios para a concesión da ampliación de matrícula.

Para concede-la ampliación de matrícula a un curso superior ao que se encontra o alumno, é necesario que este teña superado o 75% dos obxectivos sinalados no curso que realiza no momento da súa solicitude. Ademais observarase o grao de madurez da sensibilidade musical do alumno e da súa personalidade antes de concederlle a ampliación.

O alumno interesado deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. Posteriormente, o profesor-titor de clarinete en consenso previo cos demais profesores do alumno valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno.

Disporase ata o 30 de Novembro para solicita-la ampliación.

17.10. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

17.11. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

18. SEXTO CURSO DO GRAO PROFESIONAL.

18.1. Obxectivos.

- Controlar perfectamente o aire mediante a respiración abdómino- diafragmática ou baixa así como os músculos que interveñen na formación da embocadura de modo que haxa unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Dominar as escalas maiores e menores con tódalas alteracións, así como a escala cromática con diferentes articulacións en todo o rexistro do instrumento
- Demostrar autonomía e sensibilidade auditiva para resolver cuestións relacionadas coa interpretación.
- Mostrar nas obras e estudos propostos a capacidade de realizar correctamente os aspectos rítmico e de articulación.
- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Análise Musical: aplica-lo análise interpretativo á clase de clarinete.
- Mostrar unha plasticidade axeitada no escenario.
- Desenvolver a sensibilidade, por parte do alumno, hacia a música que interpreta, hacia o feito musical do concerto en vivo e as diversas interpretacións que dunha mesma obra pode escoitar, en vivo ou a través de gravacións.
- Practicar a interpretación do clarinete baixo e requinto así como o clarinete en LA.
- Mostrar nos exercicios de lectura a vista un criterio interpretativo acorde o contido do texto proposto.

18.2. Contidos.

- Práctica de escalas maiores e menores en todas as tonalidades, así como a escala cromática en diferentes articulacións e diferentes velocidades.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agóxica, dinámicas...
- Sensibilidade e autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación.
- Interrelación coa clase de Análise: análise interpretativo do repertorio

proposto.

- Desenvolvemento da sensibilidade do alumno coa música que interpreta, co feito musical do concerto en vivo e coas diversas interpretacións que dunha mesma obra pode escoitar en vivo ou en gravacións.
- Práctica da interpretación do clarinete baixo e requinto así como o clarinete en LA.
- Interpretación dun repertorio de 3 obras de distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.

18.3. Recursos didácticos humanos e materiais .

Os recursos humanos están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación.

Recursos didácticos.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto.

O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

Poderáanse audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, así como revisar bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e un banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

A seguinte lista de repertorio serve soamente de gui3n no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse 3s necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as s3as carencias e desenvolver ao m3ximo as capacidades e destrezas.

A seguinte lista de repertorio serve somentes de gui3n no traballo diario do alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse 3s necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudios:

24 Estudios en T3daldas Tonalidades / R. Stark 48
Estudios vol.2 / A. Uhl / Scho KLB13
Passage Studies vol. 2 / F. Thurston / Boosey and Hawkes 10 Estudios /
Magnani / Ricordi.
12 Estudios de Ritmo / M. Bitsch / A. Leduc.

Obras:

Concerto k.622 / Mozart / Barenreiter. Estudio Primo /
G. Donizetti / Ricordi
Concierto op. 11 / B. Crussell / Universal Edition Gran
D3o Concertante / C. M. Weber / Breitkopf Concerto n3
1 / L. Spohr
Sonata n32 / J. Brahms / Urtext Sonatina / B.
Martin3
Tres Pezas para Clarinete / I. Stravinsky / Che. Sonata / L.
Bernstein / M. Witmark and Sons Capricho Pintoresco / M.
Yuste / Grafispania. Capricho / Suttermeister
Sonata / F. Poulenc / Chester Music.
3 Miniaturas para Clarinete / K. Penderecki 4
Pezas / A. Berg
Homenaxes / Bela K3vacs / Edition Darok.
D.D. / Jes3s Gonz3lez (obra galega)
Repertorio Orquestal (a determinar polo profesor).

18.4. Enfoque metodol3xico.

O enfoque metodol3xico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan no ep3grafe de atenci3n 3 diversidade, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e 3nicos, e polo tanto, as caracter3sticas de cada proceso de ensinanza- aprendizaxe concretar3 as especificidades da metodolox3a para cada un dos casos.

Dito o cal, pretenderase que sexa unha materia desenvolvida nun marco de participaci3n integral, por parte do alumnado, docente e pais/ titores, donde o alumno poida compartir todas as s3as inquiredanzas musicais abertamente e poida tocar a d3o co seu profesor dende repertorio espec3fico como orquestal etc, que servir3 para o desenvolvemento dunha motivaci3n intrinseca no alumno, obtendo as3 unha din3mica de traballo c3moda pero non por eso de menor requerimento de concentraci3n e control.

18.5. 18.5.Procedementos e instrumentos de avaliaci3n

Para un eficaz seguimento do alumnado na materia de Orquestra e Banda, prec3sase empregar diferentes tipos de avaliaci3n. A informaci3n que subministra a avaliaci3n debe servir como punto de referencia para a actuaci3n pedag3xica. Os procesos de avaliaci3n te3en por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliaci3n debe servir para analiza-la informaci3n recibida, a intervenci3n pedag3xica e a asimilaci3n dos co3ecementos, formul3ndose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliaci3n que se empregan son:

- Avaliaci3n inicial: 3 necesaria 3 principio de cada curso para detecta-lo nivel de co3ecementos de partida que ten o alumnado e co3ecer

tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.

- Avaliación continua: Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- Avaliación formativa: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- Avaliación sumativa: Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente o final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Vento, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical.

18.6. Criterios de avaliación.

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual durante a interpretación de escalas, estudos e obras de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- A interpretación das obras tendo en conta os criterios de estilo correspondentes, sempre de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- O dominio na execución de estudos, obras e fragmentos orquestrais sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- O grao de dominio na demostración da sensibilidade auditiva cara á busca dunha boa calidade sonora, mellora da afinación e adaptación ao medio.
- A seguridade e comprensión das obras na interpretación , demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- O grao de autonomía na resolución de problemas que poidan xurdir, tales como dixitación, cambios de afinación, cuestións de estilo e fraseo.
- O equilibrio de sonoridade entre os tres rexistos, sobre todo o agudo.
- A corrección na execución dos matices, reguladores e adornos nos exercicios, estudos e obras.
- A nitidez e limpeza nas articulacións e picados.
- O grao de perfeición global na execución das escalas, estudos e obras.
- A fluidez, comprensión e precisión na lectura á primeira vista.
- A Interpretación con público, en grupo e como solista, de obras representativas ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística de acordo ao seu nivel.
- Practica-lo vibrato como recurso técnico e expresivo.
- Coñece-lo estilo melódico e harmónico dos compositores de música para clarinete dende o Barroco Tardío ata o s. XX.
- Tocar e realizar os exercicios, estudos e obras programados.
- Participar nas audicións da especialidade.
- Interrelacionar a clase de clarinete coa clase de Análise Musical: aplica-lo análise interpretativo á clase de clarinete.
- Practicar a interpretación do clarinete baixo e requinto.

- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.

18.7. Temporalización

A distribución temporal da materia dado o sistema de ensinanza individualizado non se adapta a un proxecto xeral, pois cada alumno desenvolverá de acordo coas súas posibilidades e situacións persoais o ritmo de traballo máis adecuado establecéndose un plan de tipo personalizado.

Unha vez exposto isto, pódese precisar unha orde natural no transcurso do ano: traballo a posta a punto técnica do alumnado coa práctica de exercicios de son, mecanismo, flexibilidade, escalas... así como o desenvolvemento teórico- técnico co estudio dos métodos ou estudos programados e o coñecemento de repertorio co estudio de obras representativas para clarinete.

Ao final do curso, o alumno deberá acadar os Mínimos esixibles expostos para cada nivel.

18.8. Mínimos esixibles

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

24 Estudos en Tódalas Tonalidades / R. Stark, do 13 ata o 20 48 Estudos vol.2 / A. Uhl, do 25 ata o 40

Passage Studies vol. 2 / F. Thurston, ata o nº 10 12 Estudos de Ritmo / M. Bitsch, ata o nº 8
Tres das obras programadas de diferentes estilos.

18.9. Perda da avaliación continua.

O alumno/a que teña tres faltas sin xustificar por trimestre perderá o dereito a avaliación continua e será convocado polo titor para un examen na primeira semana de xuño. O programa será o esixido durante o curso.

18.10. Probas extraordinarias de setembro.

Os alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación que se celebrará nos cinco primeiros días do mes de Setembro.

O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

19. PROCEDEMENTOS DE ACCESO Ó CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

O alumnado do conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo, pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanza xerais.

As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que se inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenimento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado, para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. Para tal fin, o profesorado do departamento elaborará un banco de actividades didácticas.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de **procedementos de acceso ó currículo para alumnado con necesidades específicas**, ou expresado doutra forma, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, e de ser o caso, atendendo o informe aportado do alumnado con necesidades específicas, -neste último caso unha vez consultado o departamento, tutor e xefatura de estudos-, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1) **Adaptacións do material didáctico**, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan ós diferentes graos de aprendizaxe, como aplicación de exercicios ponte que esmiucen o material musical e facilite a progresiva asimilación polo alumnado.

2) **Variacións da metodoloxía**, para adaptala ás necesidades de cada alumno, según sexan as características de aprendizaxe do alumnado (ritmo de aprendizaxe, circunstancias), afectarán á aplicación de metodoloxías (estilo de comunicación na ensinanza, aplicación de exercicios adaptados, traballo das actitudes e motivación...).

3) **Propoñer actividades de traballo diferenciadas**: O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas. Neste senso, se proporán actividades secuenciadas de menor a maior dificultade, adaptadas ó ritmo de aprendizaxe do alumnado, có obxectivo da interpretación musical.

4) **Organizar o traballo de forma flexible** e con ritmos distintos de aprendizaxe, secuenciando para iso as actividades adaptadas do material didáctico.

5) **Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos** adaptándose ó alumno individualmente, reforzando e ampliando ós coñecementos que vai adquirindo, coa asociación con experiencias que lle sexan significativas e estimulen a súa aprendizaxe significativa e o seu disfrute da súa integración musical dentro do grupo.

6) A adaptación dos obxectivos, e por tanto dos contidos terá que respetar os **mínimos esixibles** fixados na programación para o curso.

A interpretación musical, meta destas ensinanzas, é por definición, un feito diverso, profundamente subxectivo, e no seu resultado sonoro final fúsiónanse a mensaxe do compositor contido na obra e a persoal forma de transmitilo por parte do intérprete, que fai súa esa mensaxe canalizándoa a través da súa propia sensibilidade. Como en toda tarefa educativa, é o desenrolo da personalidade e a sensibilidade propias do alumnado, a fin que se persegue aquí, de maneira tanto máis acentuada, en canto que a música é entre outras, un vehículo de expresión de emocións.

Nun proceso de aprendizaxe desta índole, o profesor actuará de guía, dando solucións concretas a problemas igualmente concretos, e no que teña un carácter máis xeral, dará opcións e non impondrá criterios, orientará e non conducirá cara resultados predeterminados, estimulará e ampliará a receptividade así como a capacidade de resposta do alumnado .

20. A CLASE COLECTIVA.

A clase colectiva cumpre funcións educativas fundamentais, como son o desenvolvemento da personalidade, a socialización e a transmisión de saberes. Entre os obxectivos do grao elemental de música menciónase a capacidade de apreciar a importancia da música como linguaxe e medio de expresión dos pobos e das persoas e tamén de interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.

Dende o punto de vista psicolóxico, a clase colectiva serve para espertar unha motivación lúdica entre os alumnos. En xeral, é máis estimulante e divertida que a clase individual. Isto contribúe á socialización e ao crecemento persoal dos alumnos, que servirá para evitar inhibicións e desenvolver neles seguridade, autonomía e liberdade.

A clase colectiva cumpre algunhas funcións musicais puramente técnicas, derivadas da concentración. Ao facer música en grupo mellórase a capacidade de sincronización rítmica, así como a precisión na afinación.

Por último, a música fomenta o crecemento ético das persoas, posto que impón unhas normas de convivencia e comportamento. A clase colectiva debe estar vinculada ao traballo individual e ha de integralo nun proxecto común, suxeito a unha disciplina de conxunto; esta disciplina consiste en respectar o silencio, escoitar os demais, intervir construtivamente no traballo de equipo e asumir a parte de responsabilidade que cada un ten no resultado final. Isto significa a adquisición duns hábitos, actitudes, valores e normas fundamentais para a actividade musical, pero tamén para o desenvolvemento de relacións harmoniosas cos demais e da capacidade de interpretar e resolver situacións ás que o alumno terá que enfrontarse na vida adulta.

20.1. Obxectivos

- Ser capaces de interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Introducir de xeito sinxelo a historia do instrumento, así como compositores que escribiron para el, autores de métodos, intérpretes importantes...
- Coñecer obras importantes e curiosidades do repertorio do instrumento a través da realización de audicións.
- Ler á primeira vista partituras de grupo sinxelas, con control da afinación e equilibrio sonoro.
- Realizar pequenas improvisacións.

20.2. Contidos

- Dúos, tríos, cuartetos ou outras formacións para interpretar en grupo.
- Audicións de concertos, sonatas, pezas etc.....
- Visionado de vídeos relativos ao instrumento, tanto de concertos coma da súa historia.
- Sesións de relaxación e respiración.
- Lectura á primeira vista de pequenas obras.
- Improvisar pequenos fragmentos de acordo co nivel de cada alumno.
- Posta en común das obras traballadas durante o curso.
- Adestramento da coordinación nas entradas e finais das obras, a agógica, así como da consecución dos matices ou dinámicas de grupo.

20.3. Metodoloxía

Será activa e participativa. Estará baseada no contacto frecuente entre o profesor e os alumnos. Esta programación adaptarase ao nivel dos alumnos e o seu ritmo de traballo. Para traballar as obras, todo o grupo lerá simultaneamente cada voz, co fin de achar as dificultades que entrañan, e posteriormente, o profesor asignará unha voz a cada alumno co fin de interpretala en grupo. Traballarase a obra en pequenos fragmentos ata chegar á súa interpretación completa.

20.4. Repertorio

O repertorio a traballar será proposto polo profesor atendendo ó nivel do alumnado.

21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Ao longo do curso contemplaranse distintas actividades complementarias para dinamizar, motivar e implicar ó alumnado na vida cultural do Centro e o seu entorno, é dicir, para completar a formación regrada que se imparte na aula de clarinete.

As principais actividades que se levarán a cabo de xeito continuado serán os

- Ensaíos con pianista acompañante
- Recitais de alumnos.

Ademais das anteriores actividades tamén se organizarán na medida do posible as seguintes:

- Cursos de formación específica.
- Conxuntos instrumentais de clarinetes.
- Proxeccións.
- Asistencia á Biblioteca para un determinado traballo.
- Audición e/ou visualización de gravacións de grandes intérpretes (CD, DVD...)
- Intercambios con outros Centros (Conservatorios, Escolas de Música, Academias, Agrupacións, etc)
- Concursos.
- Organización de agrupacións instrumentais entre alumnos.

- Asistencia a recitais de profesores.
- Exposicións.
- Asistencia a concertos en vivo.
- Viaxes de estudos.

22. PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS.

22.1. POSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

O departamento de Vento, promove e organiza actividades culturais e de promoción das ensinanza, participando nelas dentro do conservatorio e do horario lectivo. Para iso, elabora un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical, como compoñente dun grupo ou de maneira individual.

A participación nas actividades complementarias reforzan e amplían a asimilación da interpretación musical e contribúen á formación integral do alumnado, como futuro profesional da interpretación, dado que son experiencias próximas á actividade profesional.

22.2. POSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

O departamento de Vento, promove e organiza actividades culturais e de promoción das ensinanza, participando nelas dentro e fóra do conservatorio, e fora do horario e espazo lectivo. Ó longo do curso, poden organizarse actividades extraescolais coma cursiños relacionados coa práctica de Clarinete, concertos fora do centro como intercambios con outros conservatorios ou concertos en colaboración con ONX'S; participación en ensaios extraordinarios que foran necesarios para a preparación das devanditas actividades ...

A participación nas actividades extraescolais reforzan e amplían a asimilación da interpretación musical e contribúen á formación integral do alumnado, como futuro profesional da interpretación, dado que son experiencias próximas á actividade profesional.

23. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O desenvolvemento da programación didáctica ó longo do curso, en cada un dos seus apartados, se avaliará a través de procedementos para a súa coordinación, valoración e revisión de resultados, así como mediante procedementos para a avaliación interna do departamento.

23.1. PROCEDEMENTOS PARA A COORDINACIÓN, VALORACIÓN E REVISIÓN DO RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Os procedementos para a coordinación, valoración e revisión do resultado da programación didáctica, derivados da súa aplicación, son as observacións e comunicacións das incidencias que poidan ter lugar. Estas observacións e comunicacións se realizan entre os membros do departamento, así como a xunta directiva, comisión de coordinación pedagóxica, profesorado, e alumnado das materias do departamento, todo isto, a través dos canles previstos para tal fin.

23.2. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.

Os procedementos para a avaliación interna do departamento son as observacións e comunicacións realizadas entre os membros do mesmo, a través dos canles previstos para tal

fin. Para esta avaliación, o departamento se baseará na observación do cumprimento do Artigo 24, do devandito R.O.C., referente ás competencias do departamento. Esta avaliación interna, será trimestral e dela se extraerán os aspectos a mellorar do funcionamento do departamento.

24. PROBAS DE ACCESO AOS DISTINTOS CURSOS.

24.1. ACCESO AO 2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL:

O alumno interpretará dous obras de libre elección e dun exercizo de lectura a primeira vista. Como medida orientativa, pódese guiar pola programación do curso precedente ao que se aspira. Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que o requiran.

Estudos:

Aprende Tocando el Clarinete / Peter Wastall / Mundimúsica. L'ABC du Jeune Clarinetiste vol. 1 / G. Dangain / Billaudot. Mi Primer libro de Clarinete / J.Vicente Pérez Planells. Enjoy Playing The Clarinet / Ruth Bonetti
Die Fröhliche Klarinette Band 1 / R. Mauz / Ed.Schott

Obras:

Music Through Time / P. Harris / Oxford University
La Clarinette Clasique A / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre 84 Dúos / H. Voxman / Rubank Educational.
Escuchar, Leer y Tocar vol.1 / DeHaske

Criterios de avaliación: Valorarase:

- O dominio da técnica respiratoria diafragmática ou baixa.
- A colocación axeitada e equilibrada do corpo co instrumento.
- A correcta colocación da embocadura co instrumento.
- A calidade do son producido: estabilidade, afinación, plasticidade ás dinámicas...
- nivel de dificultade e adecuade das obras presentadas de acordo ao nivel do alumno/a.
- nivel técnico e musical das obras presentadas: emisión, precisión, axilidade, plasticidade, fraseo, equilibrio sonoro, dinámicas, agónica, carácter, articulación, afinación, adaptación ao pianista acompañante...
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.
- A fidelidade da interpretación ao texto a primeira vista: notas, tempo, articulación, agónica, dinámicas, carácter... así como a capacidade de solventar as dificultades técnicas ou musicais que presente o texto musical.

24.2. ACCESO AO 3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL :

O alumno interpretará dous obras de libre elección e dun exercizo de lectura a primeira vista. Como medida orientativa, pódese guiar pola programación do curso precedente ao que se aspira. Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que o requiran.

Estudos:

Mi Segundo libro de Clarinete / V. P. Planells.

L'ABC du Jeune Clarinetiste vol. 2 / G. Dangain / Billaudot. Aprende Tocando

el Clarinete / Peter Wastall / Rivera.

Método para Clarinete (1ª parte) / Antonio Romero / U. Musical Española Die Fröhliche

Klarinette Band 2/ R. Mauz / Ed.Schott

Obras:

La Clarinette Clasiqye A / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre. 84 Dúos / H.

Voxman / Rubank Educational.

Music Through Time / P. Harris / Oxford University

El Clarinete en la Clase Colectiva vol. 1 / Ibáñez Cursá /

Rivera Editores.

Motivaciones 2 / Carlos López García-Picos (obra galega)

Die Fröhliche Klarinette Spielbuch 2/ R. Mauz / Ed.Schott .

Criterios de avaliación: Valorarase:

- O dominio da técnica respiratoria diafragmática ou baixa.
- A colocación axeitada e equilibrada do corpo co instrumento.
- A correcta colocación da embocadura co instrumento.
- A calidade do son producido: estabilidade, afinación, plasticidade ás dinámicas...
- O nivel de dificultade e adecuade das obras presentadas de acordo ao nivel do alumno/a.
- O nivel técnico e musical das obras presentadas: emisión, precisión, axilidade, plasticidade, fraseo, equilibrio sonoro, dinámicas, agónica, carácter, articulación, afinación, adaptación ao pianista acompañante...
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.
- A fidelidade da interpretación ao texto a primeira vista: notas, tempo, articulación, agónica, dinámicas, carácter... así como a capacidade de solventar as dificultades técnicas ou musicais que presente o texto musical.

24.3. ACCESO AO 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL:

O alumno interpretará dous obras de libre elección e dun exercizo de lectura a primeira vista. Como medida orientativa, pódese guiar pola programación do curso precedente ao que se aspira. Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que o requiran.

Estudos:

25 Estudios Fáciles e Progesivos / J. Lancelot / M. Trasatlantiques. Método para

Clarinete (1ª parte) / Antonio Romero / U. Musical Española. Método Completo para

Clarinete / H. Klosé / Música Moderna.

Die Fröhliche Klarinette Band 3/ R. Mauz / Ed.Schott

Obras:

Berceuse / G. Fauré Romance /

Dubois

La Clarinette Clasiqúe B / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre. Play Gershwin / Alan Gout / Faber Music.

Petite Piece para Clarinete e Piano / C. Debussy / Durand Divertimento nº 1 para clarinete e piano / W. A. Mozart /

El Clarinete en la Clase Colectiva vol. 1 / Ibañez Cursá / Rivera Editores. Die Fröhliche Klarinette Spielbuch 3/ R. Mauz / Ed.Schott

Dúo nº 1 para clarinete y piano / Carlos M. Cambeiro Alís (obra galega)

Criterios de avaliación: Valorarase:

- O dominio da técnica respiratoria diafragmática ou baixa.
- A colocación axeitada e equilibrada do corpo co instrumento.
- A correcta colocación da embocadura co instrumento.
- A calidade do son producido: estabilidade, afinación, plasticidade ás dinámicas...
- O nivel de dificultade e adecuade das obras presentadas de acordo ao nivel do alumno/a.
- O nivel técnico e musical das obras presentadas: emisión, precisión, axilidade, plasticidade, fraseo, equilibrio sonoro, dinámicas, agónica, carácter, articulación, afinación, adaptación ao pianista acompañante...
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.
- A fidelidade da interpretación ao texto a primeira vista: notas, tempo, articulación, agónica, dinámicas, carácter... así como a capacidade de solventar as dificultades técnicas ou musicais que presente o texto musical.

24.4. ACCESO AO 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

A proba de acceso a 1º de G.P. consistirá (según normativa vixente) nunha proba de interpretación co clarinete de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria e outra proba para avaliar a capacidade auditiva e os seus coñecementos de linguaxe musical. A nota final da proba será a media ponderada, un 70% a proba de instrumento e un 30% a de linguaxe musical e deberase obter polo menos un cinco sobre dez para superar cada unha das probas. A calificación obterase mediante a media aritmética da nota obtida en cada unha das probas (instrumento e linguaxe musical) Para unha calificación positiva deberase obter polo menos un cinco en cada unha das probas.

O programa que propón o Centro é o seguinte (poderáse presentar outro de nivel similar)

Catro Sonatas de Igrexa / W. A. Mozart / Boosey and Hawkes. Romanze para Clarinete e Piano / M. Reger / Breitkopf. Bagatelles / A. White / Robertson

Criterios de Avaliacion Valorase:

- A calidade do son producido: estabilidade, afinación, plasticidade ás dinámicas...
- O nivel de dificultade e adecuade das obras presentadas de acordo ao nivel do alumno/a.
- O nivel técnico e musical das obras presentadas: emisión, precisión, axilidade, plasticidade, fraseo, equilibrio sonoro, dinámicas, agónica, carácter, articulación, afinación, adaptación ao pianista acompañante...
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.

A Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música sinala no seu Artigo 9º : os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante de matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

O Conservatorio Profesional de Música de Culleredo no presente curso escolar proporcionará a todos os aspirantes que así o soliciten, un pianista acompañante para a súa proba de acceso ó 1º curso de grao profesional. Para poder desfrutar deste servizo, o aspirante deberá acollerse ó repertorio sinalado na programación como " Repertorio acompañado polo pianista acompañante do centro".

Os aspirantes deberán indicar no momento de formalizar a matrícula a solicitude de ser acompañados, así como indicar o repertorio que se interpretará e entregar unha copia de cada unha das obras coa parte do acompañamento pianístico.

Os aspirantes terán dereito a dous ensaios co seu pianista. A coordinación dos horarios de ensaio será levada a cabo polo pianista acompañante có aspirante. A duración máxima deste ensaio será de vinte minutos.

Repertorio acompañado polo pianista acompañante do centro:

- Concerto para clarinete e orquestra nº3, de Carl Stamitz.
- Fantasía para clarinete e piano, de Carl Nielsen.
- Catro pezas para clarinete e piano, de Howard Ferguson.
- Divertimento nº3 para clarinete e piano, de Mozart.
- Adagio para clarinete e piano, de H.J. Baermann.
- Promenade para clarinete e piano, de Robert Clerisse.

24.5. ACCESO A SEGUNDO, TERCEIRO, CUARTO, QUINTO E SEXTO DO GRAO PROFESIONAL.

O examinado presentará un programa de tres obras de distintos estilos de entre as programadas no curso anterior ao que se presenta, unha delas de memoria. Deberá interpretar as obras con acompañamento de piano.

NOTA – O examinado levará o seu pianista acompañante ás probas de acceso. En tódolos casos deberá entregar unha copia do repertorio que interpretará ao tribunal examinador.

Poderase presentar un programa distinto ao proposto nesta programación sempre que este presente unha dificultade similar ou maior e comparta características con aquel.

Criterios de Avaliación para todos os cursos. Valorase:

- A calidade do son producido: estabilidade, afinación, plasticidade, ás dinámicas...
- O nivel de dificultade e adecuade das obras presentadas de acordo ao nivel do alumno/a.
- O nivel técnico e musical das obras presentadas: emisión, precisión, axilidade, plasticidade, fraseo, equilibrio sonoro, dinámicas, agónica, carácter, articulación, afinación, adaptación ao pianista acompañante...
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.

25. PREMIOS FIN DO GRAO PROFESIONAL.

O alumnado que se presente aos premios de fin de grao deberá interpretar dúas obras, sendo obrigada :

1º concerto en Fa.....C.M. Von Weber